

Accem ofrece os seguintes recursos ás vítimas de trata de seres humanos:

- Asistencia xurídica en asilo e estranxeiría, con independencia da forma de explotación (laboral, sexual, etc.).
- Asistencia e apoio psicolóxico.
- Inserción socio-laboral.

Si desexa saber máis sobre o fenómeno de trata de seres humanos e coñecer o traballo que Accem desenvolve neste ámbito, visite a seguinte páxina web:

www.accem.es/es/monograficos/trata-de-personas



Accem proporciona atención e acolle a persoas refuxiadas e migrantes, promove a súa inserción socio-laboral, e traballa pola igualdade de dereitos e deberes de tódalas persoas.

Sede Accem:

Pza. Sta. María Soledad Torres Acosta, 2
28004 Madrid

Tel: 0034 915 327 478/9 Fax: 0034 915 322 059
accem@accem.es



con fins de explotación é unha forma
unha das formas máis crueis de violencia

DESMONTANDO
Trata de seres humanos **TÓPICOS**

A trata de seres humanos
moderna de escravitude e
de xénero.



- A trata de seres humanos é a captación, transporte, recepción e acollida de persoas, recorrendo á ameaza, ao uso da forza ou outras formas de coacción, para lograr o control sobre elas con fins de explotación.
- A trata de seres humanos maniféstase en forma de explotación sexual, laboral, matrimonios forzados, servidume e escravitude, explotación da mendicidade, extracción de órganos, explotación na comisión de actividades delituosas, etc.
- É un fenómeno que ten as su orixe na pobreza, a inxustiza e a desigualdade social, e que se aproveita e coarta o lexítimo desexo das persoas de emigrar e buscar unha vida mellor.
- É o terceiro negocio ilícito máis lucrativo do mundo, tralo tráfico de armas e de drogas.
- As vítimas de trata sofren o efecto dos tópicos e mitos que rodean este fenómeno, que provocan a súa estigmatización e impiden a súa recuperación como vítimas dunha violación dos dereitos humanos.

DESMONTANDO Trata de seres humanos TÓPICOS

“A trata de persoas ou trata de brancas é un delito contra os dereitos humanos considerado coma escravitude do século XXI”

“Trata de brancas” é unha expresión incorrecta para referirse a este fenómeno, é un termino anacrónico xurdido cando a escravitude das persoas non brancas, non constituía un delito.

É fundamental subliñar que trata de persoas non é sinónimo de prostitución, aínda que moitas das súas vítimas sexan con fins de explotación sexual.

“Agora chaman trata ao que sempre coñecemos como explotación dos traballadores”

Trata de persoas pode ser unha forma de explotación laboral, pero non todas as persoas que son explotadas no traballo son vítimas de trata de persoas. A falta de liberdade para abandonar o traballo, e as medidas de coacción que sofren de forma directa por parte dos tratantes marcan a diferenza.

“Esas cousas aquí non pasan, ocorren sobre todo nos países pobres”

Segundo a ONU, España é un dos principais países de tránsito e destino das vítimas de trata. Trata de persoas en España maniféstase con fins de explotación sexual, laboral, explotación da mendicidade e matrimonios servís. As vítimas de trata si proceden maioritariamente de países empobrecidos.


“Cae unha rede de tráfico de traballadores para fins de explotación laboral en talleres clandestinos”

A miúdo confúndense trata de seres humanos e tráfico ilícito de migrantes coma se fosen un mesmo fenómeno. O carácter non consentido da situación, a coacción e a finalidade da explotación distinguen trata do tráfico ilícito de migrantes. Trata é unha violación dos DD.HH., mentres o tráfico é unha infracción das leis migratorias.



“Xa sabían ao que viñan”

É indiferente que unha vítima de trata coñeza a actividade á que se vai adicar e ata que consinta facelo. Ese consentimento non implica aceptar as condicións de escravitude, falta de liberdade, abusos, ameazas e outras violacións dos seus dereitos fundamentais que concorren nos casos de trata.



“As vítimas de trata son persoas indefensas, pobres, sen cultura nin formación”

Os tratantes aproveitan moitas veces situacións de pobreza e exclusión social para atopar ás súas vítimas, pero é un gran erro establecer un perfil único e homoxéneo das vítimas de trata de persoas. Moitas son persoas instruídas, cun elevado nivel formativo e ata, en ocasións, tamén económico.